

1. XUSTIFICACIÓN.

De acordo co Proxecto educativo entendemos a convivencia como medio para a consecución dos obxectivos educativos e como un fin en si mesma para crear cidadáns e cidadás capaces de vivir nun mundo diverso, cambiante...

Extraemos así varios dos obxectivos do citado proxecto relacionados con este tema:

- ✓ Respecto e tolerancia.
- ✓ Convivencia democrática e non violenta, que fomente a cultura da Paz e a resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Actitudes solidarias para cos pobos e as persoas menos favorecidos, rexeitando calquera discriminación debida a diferenzas de raza, clase social, sexo, crenzas e outras características individuais ou sociais.
- ✓ Adoptar un modo de pensar plural, tolerante, crítico, indagatorio, favorecendo un talante vital que propicie a elaboración de xuízos independentes e a reacción construtiva ante as distintas situacións.

Este Plan de convivencia ten un carácter preventivo dada a baixa incidencia de conflitos, e pretendemos que teña as seguintes características:

- × **Eficaz**, porque evita ou resolve problemas.
- × **Simple**, porque é de fácil aplicación.
- × **Proactivo**, porque se anticipa aos problemas antes de que xurdan.

Co presente Plan de convivencia preténdese elaborar un documento que nos permita ter como referencia a disciplina no seu sentido máis positivo, o respecto ás normas democráticas de convivencia elaboradas e asumidas como propias por toda a comunidade educativa na aula, no centro ou en calquera actividade complementaria ou extraescolar, e que a autodisciplina guíe os nosos pasos na vida en xeral.

2. CONTEXTUALIZACIÓN E AVALIACIÓN INICIAL.

2.1. CONTEXTUALIZACIÓN DO CENTRO.

2.1.1. SITUACIÓN

O IES Coruxo está situado na parroquia de Coruxo, parroquia pertencente ao Concello de Vigo e distante uns cinco quilómetros do casco urbano. Lugar ata non hai moito tempo de vida rural e mariñeira, está acollendo desde hai xa anos un sector de poboación de Vigo de alto poder adquisitivo que segundo os últimos datos socioeconómicos e migratorios prefire o Oeste da cidade para vivir.

A consecuencia disto é que o alumnado hai que encadrarlo nun amplo e disforme abano de procedencia social e diferente poder adquisitivo e cultural.

Os principais datos que o PEC do centro sinala sobre as características familiares do alumnado son os seguintes:

- A maioría de alumnos naceu e residiu sempre no concello.
- Máis da metade deles vive en vivendas unifamiliares.
- Máis do 75% do alumnado utiliza o transporte escolar. É este un elemento que agrava o acceso ao centro polas súas malas condicións das vías de acceso e dificulta as actividades fóra de horario lectivo.
- Na maioría das familias traballan os dous pais.
- As actividades destes son por orde decrecente: industria, comercio, construción, asistencia doméstica e sanidade.
- A metade dos pais posúe estudos primarios, un 25% Bacharelato, un 10% carreiras e un 4% non ten estudos.

2.1.2. CARACTERÍSTICAS SOCIO-CULTURAIS DO ALUMNADO.

No PEC do centro indícanse as principais características do alumnado, das que resaltamos as seguintes:

- As afeccións maioritarias son o deporte (con maioría de rapaces) e a música. Seguen a certa distancia a televisión, o cine, a natureza e a lectura (neste caso con maioría de rapazas). Canto a estas, as preferidas son a prensa deportiva, a novela e a prensa musical. Parece que as alumnas len máis a medida que medran en anos.
- O alumnado dedica unhas dúas horas diarias a ver a televisión. Son os seus programas preferidos as retransmisións deportivas, as películas e series televisivas.
- Un 50% non realiza máis estudos ca os do instituto. Un 25% asiste a clases de reforzo, un 10% estuda música e algo menos idiomas.
- As alumnas estudan uns seis días na casa e uns cinco os alumnos. O promedio é dunhas dúas horas diarias. Os cursos de 1º da ESO e 2º de Bacharelato os que máis tempo lle dedican.
- Un 80% do alumnado dispón dun lugar reservado de estudo.
- A maioría dos pais non controla o tempo que os seus fillos dedican ao estudo.
- De poder elixir máis dun 80% seguiría a estudar. Son máis aceptadas as carreiras superiores entre as rapazas. A formación profesional ten máis aceptación entre os rapaces.
- A maioría do alumnado non manifesta expectativas durante a súa estancia no centro. Os que si o fan parecen ser os que se decantan polas ensinanzas profesionais.

2.2. ANÁLISE DA SITUACIÓN ACTUAL.

Ao longo do curso 2015/2016 pasáronse unhas enquisas ao alumnado, profesorado, familias e persoal non docente do centro para analizar a situación real da convivencia no noso centro. Isto permitiunos concluír que non existen graves problemas nin conflitos profundos.

Por outra banda analizáronse os partes de incidencias do alumnado recollidos pola Xefatura de Estudos.

3. COMISIÓN DE CONVIVENCIA DO CENTRO.

3.1. COMPOSICIÓN.

No instituto existirá unha Comisión de convivencia que terá como función específica a coordinación das actuacións conxuntas relacionadas coa mellora da convivencia no propio centro e o fomento da cultura da Paz.

A comisión de convivencia, na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa. Estará composta polas persoas representantes do alumnado, do profesorado, das familias e do persoal de administración e servizos e, no caso dos centros concertados, tamén por unha persoa representante da titularidade do centro, todas elas na mesma proporción en que se encontran representadas no consello escolar do centro ou órgano equivalente. Será presidida pola persoa titular da dirección do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director ou á directora por proposta dos colectivos representados. Os seus membros poden coincidir cos do consello escolar, pero non teñen que ser os mesmos necesariamente.

Poderán participar tamén outros membros da comunidade educativa segundo o tema que se analize. Así mesmo o poderán facer todos aqueles que poidan colaborar na mellora da convivencia escolar, como por exemplo, profesionais da sanidade, dos servizos sociais e das asociacións pertinentes.

3.2. FUNCIONS.

As funcións que debe asumir a Comisión de Convivencia son:

- ✓ Dinamizar o plan de convivencia do centro
- ✓ Elaborar un informe anual da análise da convivencia
- ✓ Informar trimestralmente ao Consello Escolar de todo o referente ao tratamento da convivencia do centro e para levar a cabo os labores de difusión, seguimento e avaliación do plan de convivencia
- ✓ Coñecer o cumprimento efectivo das correccións e medidas correctoras nos termos en que fosen impostas e informar o consello escolar sobre o grao de cumprimento da normativa vixente.
- ✓ Realizar o seguimento dos compromisos de convivencia subscritos no centro.
- ✓ Aqueloutras que lle sexan encomendadas polo consello escolar do centro docente ou polo órgano da Administración educativa con competencias na materia.

4. PLAN DE ACTUACIÓN.

4.1 OBXECTIVOS.

Para mellorar a convivencia marcamos como prioritarios os seguintes obxectivos :

- ✓ Iniciar o labor de concienciación (ao Claustro, familias e alumnado) sobre a importancia dunha axeitada convivencia escolar que permita unha mellor relación ensinanza-aprendizaxe.
- ✓ Dotar a toda a comunidade educativa de instrumentos para unha detección e resolución pacífica de conflitos.
- ✓ Potenciar as titorías en cada aula e o funcionamento da Xunta de Delegados/as.
- ✓ Establecer medidas de coñecemento e aceptación das normas do centro por parte de toda a comunidade educativa.
- ✓ Implicar ás familias no Plan de Convivencia do centro a través de diferentes medidas.
- ✓ Organizar actividades preventivas nas titorías.
- ✓ Organizar un plan de formación sobre convivencia que comece polo profesorado e se estenda progresivamente a todos os sectores implicados.
- ✓ Potenciar o labor da Comisión de Convivencia permitíndolle realizar as funcións especificadas na Lei , ademais de outras que o Consello Escolar lle encomende.
- ✓ Motivar ao alumnado para que comece a interiorización da cultura do diálogo e mediación.
- ✓ Recorrer a instancias alleas ao centro (Universidade, Concello, asociacións, etc.) para que colaboren no tratamento dos conflitos do instituto.
- ✓ Fomentar o respecto entre todos os membros da comunidade e a integración de todos os alumnos/ as no centro.
- ✓ Fomentar a realización de actividades que potencien o respecto á diversidade.
- ✓ Organizar actividades (xornada de portas abertas...) que potencien o coñecemento entre as persoas e fomenten un clima agradable entre os diferentes sectores da comunidade escolar e con outros centros de ensino.

4.2. ACTUACIÓNS.

4.2.1. ALUMNADO.

- ✓ Dende a xefatura de estudos realizaranse as accións oportunas encamiñadas a unha potenciación da Xunta de Delegados /as.
- ✓ Pacto de normas e accións correctoras.
- ✓ Concienciación do alumnado para que participe no Consello Escolar e noutros órganos do centro.
- ✓ Promoverase a existencia de asembleas informativas de todo o alumnado cando sexan necesarias para que as opinións non sexan delegadas.
- ✓ Potenciarase especialmente a figura do/da delegado/a de curso.
- ✓ Elaborar propostas e trasladalas aos distintos sectores da comunidade escolar.

4.2.2. PROFESORADO.

- ✓ O Claustro colaborará na elaboración dunhas normas básicas de convivencia que rexerán a vida no centro.

- ✓ O/A titor/a do grupo de alumnos/as colaborará na elaboración dunhas normas de aula que rexerán a vida na aula e o uso dos recursos da mesma. Cada titor/a xunto co seu alumnado concretará consensuadamente a aplicación das normas de convivencia na súa materia.
- ✓ Comezar coa redacción de normas básicas, claras e consensuadas , acordes coas normas de organización e funcionamento do centro.
- ✓ Ao través da titoría traballaranse actividades que fomenten e melloren a convivencia no instituto ou actúen como prevención dos conflitos.
- ✓ Elaborar un protocolo de benvinda e información ao novo profesorado .
- ✓ Introducir as faltas do alumnado directamente no Xade, o que permitirá unha actuación inmediata en caso de absentismo escolar.
- ✓ Colaborará de maneira activa e responsable coa vicedirección do centro ou departamento que organice calquera actividade no centro.

4.2.3. PERSONAL NON DOCENTE.

- ✓ Participará nas diversas actividades de convivencia do centro que se celebren ao longo do curso.
- ✓ Participación activa na Comisión de Convivencia do centro.

4.2.4. FAMILIAS.

- ✓ Colaborará co plan de convivencia no instituto participando nas actividades de convivencia que se programan ao longo do curso para estreitar a unión entre familias e centro .

4.2.5. CENTROS DE ENSINO.

- ✓ Levaranse a cabo actividades conxuntas cos centros educativos adscritos ao noso instituto.

4.3. PROTOCOLOS.

4.3.1. ALUMNADO.

Potenciación da Xunta de Delegados/as	A xefatura de estudos actuará para potenciar a Xunta de Delegados/as. Dará as ordes oportunas para que a correspondencia destinada ao alumnado chegue ás mans deste e supervisará que a Xunta actúe con responsabilidade e eficacia. A Xunta de Delegados /as dará traslado dos acordos tomados e accións a realizar a quen competa.
Pacto de normas e accións correctoras	Ao comezo do curso a través das titorías e en cada materia elaboraranse unhas normas de aula. Estarán baseadas nas normas de organización e funcionamento do centro, pero formularanse de

	<p>xeito democrático despois da súa discusión, de maneira que o alumnado as sentirá como propias e mesmo marcará a corrección pertinente no caso de incumprimento.</p> <p>As normas serán colocadas no taboleiro de cada aula e serán de obrigado cumprimento.</p>
<p>Concienciación do alumnado para que participe no Consello Escolar e noutros órganos do centro</p>	<p>Dada a escasa implicación do noso alumnado nos órganos nos que pode ser membro, tratarase de concienciar ao alumnado para que participen activamente neles.</p> <p>Manterán reunións antes das convocatorias de Consello Escolar, Comisión de Convivencia, Xunta de Delegados/as ... para aportar a opinión do alumnado no órgano correspondente, e despois delas, para comunicar os acordos ao resto do alumnado.</p>
<p>Promoverase a existencia de asembleas informativas de todo o alumnado</p>	<p>Naquelas ocasións nas que a Xunta de Delegados/as o solicite poderanse facer asembleas de todo o alumnado.</p>
<p>Potenciarase a figura do/a delegado/a de curso</p>	<p>Levaranse a cabo diversas actividades ao longo do curso para os delegados/as, coa intención de crear grupo e premiar a súa disposición para colaborar cos /coas compañeiros/as e co profesorado.</p>
<p>Elaborar propostas e trasladalas aos distintos sectores da comunidade educativa</p>	<p>Os/as Delegados/as de curso poderán elaborar propostas concretas que presentarán ao equipo directivo, titor/a, profesorado, etc.</p>

4.3.2. PROFESORADO.

<p>Comezar coa redacción de normas básicas, claras e consensuadas, acordos coas normas de organización e funcionamento do centro</p>	<p>Para unha mellor convivencia é necesario unificar criterios e actuar coordinados ante problemas de convivencia e/ou conflitos de xeito que o alumnado obteña as mesmas respostas ante os mesmos incumprimentos das normas.</p> <p>Cada profesor concretará a aplicación das normas que se van a seguir na aula na súa materia, de acordo coas normas xerais de convivencia.</p>
<p>Ao través da titoría traballaranse actividades que fomenten e melloren a convivencia no instituto ou actúen como prevención dos conflitos</p>	<p>Realizaranse actividades para fomentar e mellorar a convivencia nas horas de titoría co alumnado.</p> <p>Estas actividades estarán recollidas no Plan de Acción Titorial (PAT) e levaranse a cabo en colaboración co Departamento de Orientación e a persoa dinamizadora da convivencia.</p> <p>É desexable que as horas de titoría , sobre todo</p>

	en primeiro e segundo da ESO coincidan pola conveniencia de facer actividades con todo o alumnado.
O profesorado participará na corrección de condutas disruptivas	O profesor/a que considere cun alumno/a non debe permanecer na aula debe poñer algunha tarefa que alumno/a desenvolverá na aula de convivencia. A corrección será negociable se así o considera o/a profesor/a , pero o/a alumno/a debe saber que a expulsión de clase supón unha tarefa extra a realizar e que será imposta polo seu/súa profesor/a da clase. Poderá realizar tarefas en favor da comunidade educativa: reparar mobiliario, recoller papeis no patio, limpeza do xardín, colaborar na biblioteca ou calquera actividade da intendencia do centro. Se a gravidade dos feitos o aconsellan deberá ser informado o titor/a o antes posible para tomar as medidas oportunas , e o equipo directivo se é necesario.
Ofrecer información ao novo profesorado	Ao comezo do curso ou cada vez que un/unha novo/a profesor/a se incorpore ofreceráselle información da organización, actividades , usos e costumes do instituto.
Introducir as faltas no Xade por parte de cada profesor/a	Cada profesor/a introducirá directamente no Xade as faltas do seu alumnado, o máis axiña posible. A persoa titora será a responsable de controlar as faltas e comunicalas a casa.
Potenciar a función dos delegados	Colaborar desde as distintas instancias co desenvolvemento do seu labor.
Colaborar de maneira activa e responsable coa vicedirección do centro ou departamento que organice calquera actividade no instituto	Todo o profesorado se implicará, segundo as funcións que se lle asignen, nas actividades que se programen no centro. As actividades serán propostas polo Claustro de Profesores/as ou polos departamentos, aprobadas polo Consello Escolar e coordinadas polo/a vicedirector/a.

4.3.3. PERSOAL NON DOCENTE.

Participará nas diversas actividades de convivencia do instituto que se celebren ao longo do curso	Colaborará coas actividades que se programen para toda a comunidade educativa
---	---

4.3.4. FAMILIAS.

Colaborará co plan de convivencia do centro participando nas actividades de convivencia que se programen ao longo do curso para estreitar a unión entre familias e centro	Ao comezo do curso terá lugar unha reunión cos pais, nais ou titores legais por grupos. Dende o centro, a través do equipo directivo, fomentárase a participación das familias en todas as actividades complementarias que se realicen ao longo do curso, magosto, festa fin de curso...
--	---

4.3.5. CENTROS DE ENSINO.

Colaborar cos centros adscritos	Faranse unhas xornadas de portas abertas para que o alumnado dos centros adscritos ao noso instituto visiten e coñezan as nosas dependencias
--	--

5. TEMPORALIZACIÓN.

- ✓ As eleccións dos delegados/as deberán estar rematadas a mediados do mes de outubro.
- ✓ A xefatura de estudos procederá a convocar a Xunta de Delegados/as cos representantes do alumnado no Consello Escolar .
- ✓ Nos primeiros quince días do curso procederase á discusión, concreción e redacción das normas en cada un dos grupos.
- ✓ Durante a primeira quincena do curso o titor/a explicará, traballará, debatirá e consensuará as normas xerais de convivencia do centro.
- ✓ Na primeira quincena do curso cada profesor concretará consensuadamente a aplicación das normas de convivencia na súa materia.
- ✓ O profesorado introducirá as faltas de asistencia no Xade
- ✓ O profesorado cubrirá os partes específicos de asistencia de primeira hora.
- ✓ No mes de xuño faranse unhas xornadas de portas abertas para que o alumnado de 6º de primaria dos centros adscritos ao noso instituto visite as nosas dependencias.

6. ACOSO ESCOLAR. O MALTATO ENTRE IGUAIS. DETECCIÓN E PROTOCOLO DE ACTUACIÓN:

Qué é o maltrato entre iguais?

- Cando alguén ataca, incordia, molesta a outro/a de forma reiterada, con intención de causar dano ou medo.
- Aproveitase da forza fronte á debilidade física e psicolóxica.
- A vítima no soe provocar e non sabe ou non pode defenderse.

Que é?

Pelexas, insultos, agresións, acosos, ameazas, chantaxes... ignorante, intimidante habitualmente.

Que non é: cando a agresión é esporádica, ocasional.

TIPOS DE MALTRATO

Físico

- Directo: patadas, agresións, puñetazos.
- Indirecto: esconder, roubar obxectos.

Verbal

- Directo: burlarse, insultar, poñer motes.
- Indirecto: cartas, mensaxes ao móvil, pintadas.

Relacional: Accións para minar a autoestima, dar inseguridade e temor.

- Directo: expulsión.
- Indirecto: deixar soa a unha persoa, non contar con ela...

SITUACIÓN ACTUAL

- É pouco alarmante no centro.
- Pouco mencionado entre o profesorado.
- Pasa desapercibido salvo casos extremos.
- É necesario tomar conciencia da importancia.

COÑECIMENTOS BÁSICOS. DETECCIÓN, PREVENCIÓN E INTERVENCIÓN Como reconecer se alguén está sendo maltratad@:

- trae a roupa ou os libros estropeados
- “perde” cousas e diñeiro
- ten sinais de golpes, feridas, moratóns...
- non quere ir á escola; pon disculpas para non ir
- cambia o percorrido, evita ir a certos lugares
- non ten ganas de comer
- dorme mal, ten pesadelos
- está triste e infeliz; cambia de humor
- baixa o rendemento escolar
- sofre ansiedade e inseguridade
- cóstalle relacionarse, quédase so ou soa
- comeza a agredir a outras persoas

O agresor ou agresora

- é unha persoa impulsiva, agresiva, dominante, intimidadora
- non ten empatía
- ten dificultades para expresar os seus sentimentos
- manifesta deficientes habilidades sociais
- xustifica a súa violencia e non ten remordementos
- é, en xeral, unha persoa de sexo masculino
- ten máis fortaleza física
- non está ben integrada na vida escolar
- é unha persoa menos popular que outras pero máis que as súas vítimas
- carece de lazos familiares e ten escaso interese pola escola

A vítima é calquera persoa que o agresor considere diferente, ou lle moleste

Como actuar coas persoas maltratadas :

- escoitar, confirmar e actuar para atallar
- tranquilizar, apoiar e dar confianza

- preguntarlle: onde, quen, quen o viu...
- informar á titoría e á familia
- manexar a situación con discreción
- a vítima non pode solucionalo soa

Cómo actuar coas persoas maltratadoras :

- preguntarlle sobre a situación do maltrato
- que abandone ese comportamento, que se poña no lugar da vítima, que así non será feliz
- ofrecerlle apoio para cambiar
- que rompa vínculos con outras persoas maltratadoras
- recompensarlle os cambios de actitude
- informar en titoría e facer un seguimento

Como actuar coas persoas que son testigos :

Se advertimos que presencian malos tratos e non axudan... debemos:

- falar da solidariedade coas persoas máis débiles
- que se poña no lugar da vítima
- que non cale e non ignore os efectos
- que moralmente está implicado ou implicada
- axudarlle a contar os feitos (non “chivar”)

10 ideas falsas sobre maltrato

1. Só son bromas, cousas de nenos/as, mellor non meterse.
2. A vítima búscalo e mereceo.
3. O maltrato forma parte do crecemento e imprime carácter.
4. A mellor maneira de defenderse é devolvela.
5. O maltrato é cousa de nen@s ou xoves.
6. Só agreden persoas que teñen problemas familiares ou que viven en ambientes marxinais.
7. As vítimas son enclenques ou débiles.
8. Cando dous pelexan mellor non meterse e ser neutral.
9. As vítimas son cobardes.
10. Só a vítima precisa axuda.

Previr o maltrato (“bullying”)

O PAPEL DO PROFESORADO

- Traballar as actitudes > a tarefa educativa.
- Crear canles de comunicación co alumnado.
- Potenciar un clima de convivencia na aula.
- Aplicar a resolución pacífica de conflitos.
- Dar confianza ao alumnado máis feble.
- Realizar un chequeo da saúde socio afectiva do grupo.

Suxestións para a prevención

- Fomentar unha boa relación co alumnado.
- Que noten o noso interese polo que lles ocorre.
- Manifestar unha actuación belixerante contra o maltrato.
- Non permitir insultos, burlas, intimidacións...
- Intercambiar informacións co resto do profesorado.
- Formarse na temática de maltrato.

- Dotarse de recursos para traballar a diversidade.
- Establecer protocolos conxuntos de actuación.

Concretando a prevención:

Incluir na formación do alumnado os seguintes aspectos

- Educación sentimental.
- Desenvolvemento habilidades sociais.
- Resolución pacífica de conflitos.
- Metodoloxía cooperativa.
- Educación para a igualdade.

Deberemos ter sempre en conta o marcado no [Protocolo educativo para garantir a igualdade, a non discriminación e a liberdade de identidade de xénero](#) e no [Protocolo xeral para a prevención, detección e tratamento do acoso e ciberacoso escolar](#).

7-.PROGRAMA BÁSICO DE HABILIDADES SOCIAIS

Deberemos traballar co alumnado aspectos básicos de comunicación como son:

a) Que as dúas persoas que están comunicando desexen entender perfectamente o que o outro quere transmitir.

b) Que ambas entendan que han de manter calma, paciencia e flexibilidade para poder entender ao outro/a e coordinar mentalmente as súas propias mensaxes. Unha parte importante das discusións son as obxeccións e recriminacións que facemos ao outro/a. A forma en que se lanzan estas mensaxes, que sempre exhortan cara a un cambio de conduta por parte do outro/a, determinan que sexan ben encaixadas pola outra parte e poden evitar un conflito que doutro xeito sería inevitable. Agora imos dar uns consellos prácticos á hora de formular e aceptar obxeccións para evitar conflitos.

NORMAS CONCRETAS PARA FORMULAR OBXECCIÓNS:

Formular a queixa directamente á persoa que cremos prexudícanos, pero a ninguén máis.

Non criticar a conduta dunha persoa diante dun terceiro. Isto equivale a un ataque persoal.

Non comparar nunca a conduta dunha persoa coa dos demais.

Formular a obxección ou queixa axiña que como nos sexa posible.

Non repetir a obxección unha vez que a fixemos e que a outra persoa a asimilou.

Obxectar unha soa cousa cada vez. Se non se fai así, hai perigo de desmoralizar ao outro/a e de empequenecer o principal.

Logo de formular de boa fe a nosa queixa, non desculparse por iso. Aumentaría as dúbidas sobre o noso dereito a facelo.

Evitar o sarcasmo. Os motivos do sarcasmo adoitan ser o temor ou o desdén.

Absterse de mencionar os móbiles do outro/a. Hai que evitar a tendencia a confundir a intención coas consecuencias. As consecuencias son claramente observables e obxectivas. Non se poden pór en cuestión, pero as intencións son algo subxectivo que pode ser negado polo outro/a co que a discusión instálase nun punto morto.

Evitar a diario as palabras “sempre” e “nunca”. Esaxerar fainos faltar á exactitude, e a vantaxe psicolóxica máis importante é a obxectividade.

Non vale queixarse sempre. O que nunca usa o eloxio non pode esperar ser escoitado na crítica.

AULA DE CONVIVENCIA INCLUSIVA

Aula de convivencia inclusiva

1. A consellería con competencias en materia de educación regula o réxime de funcionamento das aulas de convivencia inclusiva previstas no artigo 19.3 da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de

convivencia e participación da comunidade educativa, cuxa vocación é substituír o tempo de expulsión do alumnado que estivese temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro, como consecuencia da imposición de medidas correctoras, buscando a reincorporación á súa propia aula no menor tempo posible, na forma que se recolle no artigo 8.4.d) desta lei

2. O plan de convivencia incluírá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

a) Criterios e condicións para a atención do alumnado na aula de convivencia inclusiva e actuacións que se desenvolverán nesta.

O alumnado poderá ser enviado á aula de convivencia sempre que amose un comportamento disruptivo na aula, impedindo o dereito ao traballo do profesorado e o dereito á educación do resto do alumnado da clase. Unha vez na aula de convivencia o alumnado deberá realizar aqueles traballos que lle sexan encomendados polo profesor/a que o/a envía á aula de convivencia.

Así mesmo poderá ser utilizada a aula de convivencia para a readmisión de alumnado con sanción de expulsión para casa tras expediente disciplinario. Neste caso o alumnado terá que levar adiante un programa de habilidades sociais coa finalidade de que non se volvan repetir as circunstancias que o levaron á apertura do expediente.

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, que poderá ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa colaboración do departamento de orientación. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula.

Sempre e contando coas disponibilidades do centro a aula de convivencia permanecerá aberta o máximo número de horas posibles. Será atendida por profesorado de garda e contarase tamén a este efecto cos integrantes do departamento de orientación.

c) Programación das actuacións do departamento de orientación do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

O departamento de orientación, dentro do Plan de Acción Tutorial elaborará un programa para o alumnado na aula de convivencia.

d) Horario, localización, instalacións e material didáctico con que conta a aula de convivencia inclusiva para o seu funcionamento.

O horario da aula de convivencia estará exposto na sala de profesores e nel constará especificamente que profesorado fará garda na aula de convivencia. En momentos precisos e dependendo das necesidades do centro a aula de convivencia permanecerá pechada por causas de forza maior. (se hai gran falta de profesorado).

3. A dirección do centro será o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, se fose menor de idade non emancipado/a.

Mediación escolar

1. A mediación é unha estratexia de intervención imparcial para a resolución de conflitos en que unha terceira persoa axuda as partes implicadas a alcanzar un acordo satisfactorio para ambas as dúas.

2. Sen prexuízo dos procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia o centro tentará utilizar a mediación como estratexia preventiva, resolutiva e reparadora na xestión de calquera conflito entre membros da comunidade educativa.

3. O centro confiará a mediación aos membros do departamento de orientación, nomeadamente, e a aquel profesorado que ao parecer da dirección do centro mellor pode actuar na resolución dun conflito. O centro tentará fomentar entre o alumnado a formación en mediación a fin de que sexa o propio alumnado o que soluciónes os conflitos mediando entre os actúantes

4. Nos supostos menos graves de condutas disruptivas e situacións de acoso, favorecerase a mediación realizada por alumnado do centro educativo que obtivese formación e cualificación para a intervención nestas situacións.

Escola de nais e pais

1. Será obxectivo deste plan a creación da escola de nais e pais para propor iniciativas tendentes a previr e resolver conflitos de convivencia, mellorar a convivencia e fomentar o respecto mutuo e a tolerancia no centro educativo. As referidas propostas serán elevadas ao consello escolar de cada centro e serán recollidas na memoria anual da comisión de convivencia.

2. As nais e pais ou titoras e titores asumirán, entre outros, os seguintes compromisos referidos á convivencia nos centros educativos:

a) Contribuír ao crecemento persoal dos seus fillos ou das súas fillas a través do diálogo e da educación en valores, e desenvolver unhas adecuadas normas de convivencia no contorno familiar.

b) Desenvolver a súa potencialidade como educadores e educadoras dos seus fillos ou das súas fillas.

c) Recoñecer o seu papel como axentes educativos, xunto co profesorado, actuando como portadores e portadoras de aspectos significativos para o desenvolvemento integral dos seus fillos ou fillas.

d) Mellorar as condicións afectivas, sociais e escolares que faciliten a aprendizaxe aos seus fillos ou ás súas fillas e un desenvolvemento harmónico da súa personalidade.

DEREITOS E DEBERES DOS DIFERENTES MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA. PROTOCOLO PARA A DETECCIÓN DO INCUMPRIMENTO DOS DEREITOS E DEBERES

A fin de non resultar reiterativos e constatando que tanto os dereitos e deberes dos diferentes membros da comunidade educativa están claramente delimitados na lei 4/2011 de convivencia e participación da comunidade educativa e no decreto 86/2015 que a desenvolve non incluiremos neste apartado a pormenorización tanto dos dereitos e deberes como a casuística das faltas e os procedementos correctores. Seguiremos neste punto o marcado na estratexia Educonvives da Consellería de Educación. Seguiremos o Plan de actuacións para a igualdade nos centros educativos de Galicia, o Protocolo de identidade de Xénero, o Protocolo para a prevención e o control do absentismo escolar en Galicia e tamén, entre outros, o procedemento correctos presente na estraxia Educonvives antes citada.

O procedemento a seguir no momento en que un alumno/a comete unha conduta disruptiva dentro do centro educativo será:

-Escrito do profesor/a describindo os feitos no documento oficial do centro.

-Entrega deste documento na dirección ou xefatura de estudos do centro

-Análise da situación e toma de medidas referidas ao temas.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN DE CONVIVENCIA, COMPOSICIÓN, PERIODICIDADE DE REUNIÓN E PLAN DE ACTUACIÓN

A comisión de convivencia estará formada por representantes dos diferentes estamentos representados no Consello Escolar na mesma proporción que a representación no Consello.

Reunirase unha vez ao trimestre como mínimo e establecerá na primeira reunión do curso a plan de actuación para o curso. Así mesmo, na última reunión do curso aprobará a memoria do curso que remata.

SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN.

Unha vez que se poña en práctica o presente Plan, ao final de cada curso comprobarase

se houbo melloría ou se se presentaron dificultades, e cales foron as súas causas. En función dos resultados desta implantación deseñaremos propostas para mellorar os puntos débiles detectados.

O profesorado dinamizador da convivencia do centro será o responsable de elaborar ao final de cada curso escolar unha memoria onde se recollan :

- ✓ Grado de cumprimento dos obxectivos do Plan.
- ✓ Participación da comunidade educativa no desenvolvemento do Plan.
- ✓ Adecuación dos recursos materiais ao Plan de actuación.
- ✓ Propostas para modificación e/ou mellora do Plan para o curso seguinte.

ESTRATEGIAS PARA A SÚA DIFUSIÓN

Este plan será difundido polos titores/as de cada grupo nas horas correspondentes de clase de titoría na ESO. Así mesmo faranse reunións co alumnado de bacharelato para darlle coñecemento do plan. O mesmo se fará coa AMPA, persoal docente no claustro correspondente e persoal non docente.

Este plan de convivencia será publicado na páxina web do centro www://edu.xunta.es/centros/iescoruxo.